

**10 e 11 de agosto**: **Santa María del Páramo (León)**

**Santa María del Páramo,** municipio situado na provincia de Léon, a uns 33 kilómetros da capital da provincia (León con 131.600 habitantes). E nunha comarca cunha poboación que ascende a 19.600 habitantes.

Aberto o prazo de Inscrición ( **descarregar solicitude** e normas de participación )

O termo municipal de **Santa María del Páramo**, que abarca unha superficie de 20,08 km2, está situado na mitade sur da zona central da provincia de **León**, na planicie do Páramo Leonés. Poucos datos se coñecen da historia desta vila, ligada á de toda a comarca. No ano 458 enfrentáronse os exércitos dos suevos dirixidos por Requiario e os visigodos mandados a súa vez por Teodorico II cerca do **río Órbigo**. A fronteira entre os reinos visigodo e suevo estivo situada neste río, o Páramo no territorio visigodo, mentras que a ribeira oposta do Órbigo pertencía ó reino suevo. No ano 1285 Sancho IV confirma a Pedro Álvarez de Quiñones as súas posesións de Urdiales e Santa María del Páramo, sendo esta a primeira noticia do **señorío dos Quiñones** no Páramo.